

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E LENDA EDUCATIVA, SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA, PARA POSIBILITAR O USO DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR DE ALUMNADO CON DISCAPACIDADE NUN CENTRO EDUCATIVO RADICADO NA PROVINCIA DA CORUÑA

REUNIDOS

Dunha parte, Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que, en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 44/2024, do 14 de abril, actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Doutra, Sara Pombo Trigo, que actúa no nome e representación de Lenda Educativa, Sociedade Cooperativa Galega, na súa calidade de administradora única, nomeada o día 9 de febreiro de 2024, segundo consta no Rexistro Provincial da Coruña da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

EXPOÑEN

I.- Que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional é o departamento autonómico que ten atribuídas as competencias en materia de xestión, control e coordinación do comedor escolar na Comunidade Autónoma de Galicia, e exerceas coa finalidade de garantir o dereito de acceso ao ensino de todos os escolares galegos.

II.- Que dentro do colectivo escolar galego existe un conxunto de rapaces e rapazas con distintos tipos de discapacidades que, en virtude de ditame da Administración educativa autonómica, escolarizáronse en centros privados concertados. Este alumnado, escolarizado por esixencias educativas en centros privados concertados, necesita para asegurar a súa efectiva escolarización, utilizar o servizo de comedor



escolar, precisando para o efecto contar cunha atención específica e personalizada de acordo coas súas necesidades particulares.

III.- Que Lenda Educativa, Sociedade Cooperativa Galega é unha entidade sen ánimo de lucro, que ten como fin estatutario a educación e as actividades educativas así como a asistencia en establecementos residenciais para persoas con discapacidade.

IV.- Que ambas as dúas partes están interesadas na mutua colaboración de acordo co establecido no artigo 2.1. e) do Decreto 132/2013, do 1 de agosto, co fin de facilitar a este alumnado os recursos necesarios que lles permitan ser escolarizados, aínda que sufran calquera tipo de incapacidade, xa sexa permanente ou temporal.

V.- Que a problemática habitual de grandes discapacidades require contar con asociacións especializadas e cunha ampla bagaxe de experiencia, que faciliten unha atención persoal e individualizada derivada do coñecemento práctico das limitacións físicas e psíquicas do alumnado e do control dos protocolos de actuación que se deben aplicar nos casos de urxencia suscitados durante o comedor escolar.

Neste senso, convén lembrar o carácter educativo que para este alumnado con distintos tipos de discapacidades ten o comedor escolar, en canto ao aprendizaxe de habilidades que redunden nunha maior autonomía persoal.

De acordo con todo o anterior, e co obxectivo de garantir o acceso á educación dun sector da poboación escolar galega que require unha atención específica e preferente, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e Lenda Educativa, Sociedade Cooperativa Galega acordan a sinatura deste convenio con suxeición ás seguintes cláusulas,



CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

Constitúe o obxecto deste convenio a mutua colaboración co fin de posibilitar ao alumnado con distintos tipos de discapacidades, referido na memoria de servizos de Lenda Educativa, Sociedade Cooperativa Galega que, por esixencias de carácter académico escolarizáronse en centros privados concertados, en virtude de ditame da Administración educativa galega, a utilización do servizo de comedor escolar e a atención específica e personalizada no mesmo, de acordo coas súas necesidades particulares ao longo do vindeiro curso escolar 2024/2025.

Segunda.- Compromisos de Lenda Educativa, Sociedad Cooperativa Galega

Para acadar este obxecto, Lenda Educativa, Sociedade Cooperativa Galega comprométese a facilitar ao alumnado descrito na cláusula primeira deste convenio, a utilización do comedor escolar nun centro educativo radicado na provincia da Coruña (CEEPR Lenda Educativa).

Así mesmo, Lenda Educativa, Sociedade Cooperativa Galega, asume a atención e coidado do alumnado comensal obxecto do convenio, durante o período comprendido entre o seu traslado ao comedor tras o remate das clases matinais e o seu novo traslado ás aulas para as clases vespertinas ou, no seu caso, a súa recollida para seren trasladados ao domicilio familiar.

Lenda Educativa, Sociedade Cooperativa Galega poderá prestar o servizo directamente a través dos seus propios medios ou ben a través de empresas especializadas na prestación do servizo de cátering ou de vixilancia e comprométese a consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co artigo 16 da Lei de subvencións de Galicia.



Terceira.- Financiamento e pagamento

1. A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional compensará cada trimestre a Lenda Educativa, Sociedade Cooperativa Galega polos gastos derivados da colaboración mutua na prestación do servizo de comedor escolar, coa cantidade global que resulte de multiplicar 2,88 euros polo número de días da prestación efectiva de comedor e polo número de alumnos/as con discapacidade escolarizados, por ditame da Administración educativa, usuarios do servizo neses días, ata un máximo de 15 usuarios autorizados.

2. A consellería colaborará con Lenda Educativa, Sociedade Cooperativa Galega cunha achega económica máxima de 7.689,60 euros durante o curso escolar 2024/2025, que se financiará con cargo á partida orzamentaria 37.01.423A.221.07 dos orzamentos xerais de gastos da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2024 e 2025, dividida nas seguintes anualidades e importes:

Ano 2024: 3.024,00 €

Ano 2025: 4.665,60 €

Cuarta.- Variacións de altas e baixas de persoas usuarias durante a vixencia do convenio

As necesidades de comedor escolar do alumnado con discapacidade resultan de difícil previsión, dado que con carácter xeral a súa maior sensibilidade a problemas de saúde ocasiona situacións de absentismo escolar e cambios na escolarización elevados. Por esta causa, os cambios que durante a vixencia deste convenio se sucedan no número e identidade das persoas usuarias do comedor escolar serán tratados como meros supostos de redistribución do alumnado comensal, sempre e cando os importes económicos derivados destas fluctuacións sexan susceptibles de seren compensados dentro da achega máxima establecida na cláusula terceira.



Quinta.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución constituirase unha Comisión de seguimento, presidida pola persoa titular do Servizo de Apoio aos Servizos Educativos da Dirección Territorial da Coruña (ou persoa en quen delegue) e formada por dúas persoas representantes de Lenda Educativa, Sociedade Cooperativa Galega e outra máis do Departamento Territorial na Coruña da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

A Comisión de seguimento resolverá as dúbidas e as discrepancias que xurdan na aplicación deste convenio.

O réxime de funcionamento e acordos da Comisión axustarase ás normas de funcionamento dos órganos colexiados que se conteñen na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Sexta.- Inexistencia relación laboral

A sinatura deste convenio non implica relación laboral ou de natureza similar entre as persoas que vaian desenvolver as accións previstas nel e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Sétima.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

O presente convenio de colaboración formalízase ao abeiro do disposto na resolución do 8 de abril de 1991 pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e con particulares.



Este convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da lexislación de contratos das administracións públicas, segundo a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público de conformidade co disposto no apartado segundo do seu artigo 6.2.

Seralle de aplicación o réxime determinado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio e non puidesen ser solucionadas no seo da Comisión de seguimento do convenio, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

Oitava.- Modificación do convenio e causas de resolución

1. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Segundo o disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico este convenio poderá ser obxecto de modificacións cando as mesmas teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

2. Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de todos os asinantes.



- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio

Novena.- Garantía en relación á protección xurídica do menor

Ao obxecto de garantir o cumprimento do artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, modificada pola Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, Lenda Educativa, Sociedade Cooperativa Galega comprométese a dar debido cumprimento ao mandato legal, no sentido de esixir a todo o seu persoal contratado en contacto con menores a oportuna acreditación de non ter sido condenado en sentenza firme por delitos sexuais.

Décima.- Publicidade e rexistro do convenio. Consentimento para a publicidade de datos persoais que figuran no convenio

Segundo o artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Consellería publicará o texto íntegro do convenio.

O convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de convenios da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Os asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais e mailo resto das especificacións contidas na mesma, poidan ser publicados no Portal de transparencia e Goberno Aberto, de acordo co artigo 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, e no Rexistro de convenios.

Décimo primeira.- Protección de datos persoais

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás



normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) xeral de protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

Décimo segunda.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electrónicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificacións electrónicas de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo terceira.- Vixencia

Este convenio estará vixente durante o curso escolar 2024/2025, agás no suposto de que sexa denunciado por algunha das partes, por incumprimento das obrigas que nel se recoñecen.



Non obstante, poderase prorrogar por cursos escolares completos, sempre que conste expresamente a vontade das partes asinantes do convenio. En todo caso, a duración máxima das prórrogas que se acorden será de catro anos desde que se acorde a primeira prórroga, de acordo co establecido no artigo 49.h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Estando conformes co estipulado, asínase este convenio na data da súa sinatura dixital.

O conselleiro de Educación, Ciencia,
Universidades e Formación Profesional
P.D. (Orde do 05.06.2024)

O secretario xeral técnico

Manuel Vila López

A administradora única de Lenda
Educativa, Sociedade Cooperativa Galega

Sara Pombo Trigo

